

Que é un xoguete sexista?

Os xoguetes que establecen diferencias entre nenos e nenas. Este tipo de xoguetes provocan que ambos os dous性os vexan limitadas as súas potencialidades.

Con esta campaña o que pretendemos é despertar a conciencia do importante que é escoller ben os xoguetes dos nosos cativos e cativas.

Por que non é un xogo?

A realidade do sexismo é tan evidente e xeralizada, está tan interiorizada, que consideramos normais moitos comportamentos sexistas.

Na man das persoas adultas está conseguir que o sexismo deixe de aceptarse como algo normal e comece a ser unha excepción.

Os xoguetes teñen a capacidade de fomentar novas actitudes para favorecer a convivencia entre sexos e ademais enriquecelos como persoas.

Por iso a selección dos xoguetes non é un xogo. O futuro dos nosos nenos e nenas pode ser diferente se empezamos xa a cambiar as regras do xogo.

Deixa que os cativos e cativas che amosen a súa realidade. Convídalle a debuxar os seus xoguetes favoritos.



**boneco enfermeira?
boneca enfermeiro?**

ISTO NON É UN XOGO
Escolle xoguetes non sexistas



concellería
de igualdade
concello de vigo



**boneca bombeiro?
boneco bombeira?**

ISTO NON É UN XOGO
Escolle xoguetes non sexistas



concellería
de igualdade
concello de vigo



Debuxa aquí os teus xoguetes favoritos



LEMBRA

Un bo xoguete debe...

gustar a nenos e nenas indistintamente

espertar a imaxinación e a creatividade

non propiciar a violencia

incentivar a curiosidade

ser polivalente

desenvolver a afectividade

garantir a seguridade

potenciar o xogo en grupo

